



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 5 DE XANEIRO DO 2017.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten: D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey D. Anxo Orellan Fernández D^a María Herminia Pouso Maneiro</p>	<p>Interventor: Non asiste</p> <p>Secretario Xeral D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: D. Víctor Reiriz Lampón</p>
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as dez horas do día cinco de xaneiro do dous mil dezasete, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.


Non se presenta ningunha acta para a súa aprobación

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

Non se presenta ningunha factura para a súa aprobación





B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	02/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura e Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo e realización da actividade "Festa de Reis 2017"		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.		
NIF/CIF:	B70072905		
Importe (IVE Incluído):	790,00 €		
Observacións:			

III.- CONTRATACIÓN.

Adxudicación do contrato para executa-las obras do proxecto denominado "REHABILITACIÓN DAS RÚAS VIONTA E ÍNSUA (RIVEIRA)"

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto de "Rehabilitación das rúas Vionta e Ínsua (Riveira)", cun orzamento total por contrata de 49.932,54 euros (valor estimado do contrato: 41.266,56 euros; IVE 21%: 8.665,98 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.

O investimento foi incluído no "Plan DTC 93: Unha deputación para todos os concellos, Adicional 1/2014, 2ª fase", aprobado por Resolución nº 13.921/2016, da data 14/06/2016, da Presidencia da Excm. Deputación Provincial da Coruña, segundo a Circular da data 29/06/2016 (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 30/06/2016, co número 8576).

O proxecto, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira en agosto de 2013, foi aprobado por acordo do Pleno da Corporación Municipal adoptado na súa sesión da data 28/04/2014.

O expediente de contratación (por procedemento negociado sen publicidade con un único criterio de valoración (prezo máis baixo) e con tramitación ordinaria), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453 61913, foron aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 06/10/2016.

De conformidade co establecido na cláusula 10 do prego de cláusulas



administrativas, a licitación anunciouse no diario La Voz de Galicia), na data 08/10/2016.


Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito á oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios, na data 19/10/2016 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas:

- 1.- "Construcciones Anspal, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 11/10/2016, co número 13.150.
- 2.- "Construcciones Oñial, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 13/10/2016, co número 13.237.
- 3.- "Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.U." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 14/10/2016, co número 13.308.
- 4.- "Tarrío y Suárez, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 14/10/2016, co número 13.352.
- 5.- "Nemesio Ordóñez, S.A." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 14/10/2016, co número 13.360.
- 6.- "Excavaciones Nima, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 14/10/2016, co número 13.363.
- 7.- Alberto Pérez Sampedro. Oferta que foi rexistrada de entrada na data 17/10/2016, co número 13.503.
- 8.- "Domínguez Arias e Hijos, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 17/10/2016, co número 13.508.
- 9.- "Obras y Viales de Galicia, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 18/10/2016, co número 13.542, enviada a través da oficina de correos na data 17/10/2016.

A apertura dos sobres "A" (de documentación administrativa simplificada) das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 20/10/2016, na que se acordou declarar admitidas a esta licitación ás nove empresas presentadas, por considerar que a documentación aportada por cada unha delas é correcta.

A apertura dos sobres "B" de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, comprensivos das súas respectivas ofertas económicas (1ª oferta), realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 25/10/2016, co seguinte resultado:

Orde	Licitador	1ª Oferta económica
		Valor estimado (sen IVE)
1º	Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.U.	31.000,00 euros
2º	Obras y Viales de Galicia, S.L.	32.578,51 euros
3º	Tarrío y Suárez, S.L.	35.076,78 euros
4º	Domínguez Arias e Hijos, S.L.	35.700,00 euros
5º	Excavaciones Nima, S.L.	35.861,61 euros



6º	Construcciones Oñial, S.L.	37.190,08 euros
7º	Construcciones Anspal, S.L.	38.500,00 euros
8º	Alberto Pérez Sampedro	39.000,00 euros
9º	Nemesio Ordóñez, S.A.	40.234,90 euros

Acordándose, na dita reunión, abrir a fase de negociación prevista na cláusula 15.4.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente de contratación

As invitacións foron cursadas por medio de escritos da Alcaldía da data 02/11/2016, que foron rexistrados de saída na mesma data e notificados por correo electrónico.

A apertura das segundas ofertas económicas (fase de negociación) de cada un dos licitadores admitidos a esta licitación realizouse pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 11/11/2016, dando o seguinte resultado:

Orde	Licitador	2ª oferta económica (fase de negociación)
		Valor estimado (sen IVE)
1º	Construcciones Anspal, S.L.	28.400,00 euros
2º	Nemesio Ordóñez, S.A.	29.534,48 euros
3º	Alberto Pérez Sampedro	29.662,55 euros
4º	Excavaciones Nima, S.L.	29.883,31 euros
5º	Tarrío y Suárez, S.L.	30.000,00 euros
6º	Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.U.	30.800,00 euros
7º	Obras y Viales de Galicia, S.L.	32.578,51 euros (ratifícase)
8º	Domínguez Arias e Hijos, S.L.	35.700,00 euros (ratifícase)
9º	Construcciones Oñial, S.L.	36.363,64 euros

Tendo en conta que, conforme establece o Anexo V do prego de cláusulas administrativas particulares reitor desta licitación, para a adxudicación deste contrato teranse en conta, unicamente, as ofertas económicas realizadas polos licitadores admitidos. Polo tanto, a adxudicación realizarase a favor da empresa que presente a oferta máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Vista a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste contrato e a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa xa mencionada reunión da data 11/11/2016.

A Xunta de Goberno Local, na súa reunión da data 17/11/2016 adoptou os seguintes acordos:

- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de





Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións admitidas á contratación das obras do proxecto denominado “Rehabilitación das rúas Vionta e Ínsua (Riveira)”, do seguinte xeito:

Orde	Licitador	2ª oferta económica (fase de negociación)
		Valor estimado (sen IVE)
1º	Construcciones Anspal, S.L.	28.400,00 euros
2º	Nemesio Ordóñez, S.A.	29.534,48 euros
3º	Alberto Pérez Sampedro	29.662,55 euros
4º	Excavaciones Nima, S.L.	29.883,31 euros
5º	Tarrío y Suárez, S.L.	30.000,00 euros
6º	Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.U.	30.800,00 euros
7º	Obras y Viales de Galicia, S.L.	32.578,51 euros (ratifícase)
8º	Domínguez Arias e Hijos, S.L.	35.700,00 euros (ratifícase)
9º	Construcciones Oñial, S.L.	36.363,64 euros

- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, requirir a “Construcciones Anspal, S.L.”, que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.


Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.a), 61 e 61 bis do TRLCSP.


O citado acordo foi notificado á empresa requirida na data 09/11/2016.

Dentro do prazo concedido a empresa “Construcciones Anspal, S.L.” presentou a documentación requirida (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 30/11/2016 co número 15.607).

Una vez examinada a citada documentación a Mesa de Contratación, non considerando suficiente a documentación aportada, na súa reunión de data 19/12/2016, acordou :

- Requirir a empresa “Construcciones Anspal, S.L.” para que, no prazo





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

improrrogable de 3 días hábiles (contados desde ó día seguinte, inclusive, ó da recepción do requirimento que se lle envíe), de conformidade co artigo 81.2 do Real Decreto 1.098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, presente a seguinte documentación, baixo apercebimento de exclusión definitiva se no prazo concedido non proceden á emenda da documentación, de acordo coa cláusula 16.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación:

- Xustificación do volume anual de negocios. O volume anual de negocios acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no rexistro mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito.

O citado requirimento foi notificado á empresa na data 20/12/2016.

Na mesma data 20/12/2016 a empresa "Construcciones Anspal, S.L." presentou a documentación requirida (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello co número 16.480).

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión celebrada na data 22/12/2016.

Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.


A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**


PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.- De conformidade co establecido na cláusula 16 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 17/11/2016, **adxudica-lo contrato para realiza-las obras do proxecto de "Rehabilitación das rúas Vionta e Ínsua (Riveira)" á empresa "Construcciones Anspal, S.L." (NIF número B-15985187), nas seguintes condicións contractuais:**

a) **Prezo total do contrato: 34.364,00 euros (Base: 28.400,00 euros; IVE 21%: 5.964,00 euros).**

b) **Prazo de execución: 2 meses, segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira con data agosto de 2013.**





TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formaliza-lo correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

CUARTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

QUINTO.- De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación


VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e vinte minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 5 de xaneiro de 2017

O Alcalde

Dou fe, o secretario xeral



Manuel Ruiz Rivas



Juan Manuel Salguero del Valle